

CONVOCATORIA DE PRAZAS DE ALOXAMENTO DO SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS DA USC PARA O CURSO 2011- 2012

(Aprobada polo Consello de Goberno da USC do 5 de maio de 2011 e polo Consello Social do 11 de maio de 2011)

Co obxecto de dar cumprimento ao Título Segundo do Regulamento do Servizo Universitario de Residencias (SUR), o Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela ven de aprobar a convocatoria de prazas de aloxamento para o curso académico 2011-2012.

1. PRAZAS ASIGNADAS A CADA SECTOR.

O número total de prazas que se ofertan nesta convocatoria 2011-2012, para os sectores que a seguir se indican, é de 1071, repartidas como segue:

Sectores	Prazas	%
Estudantes de Grao e de Primeiro e Segundo Ciclo	911	85,06
Estudantes de Másteres Universitarios Oficiais, de Programas de Doutoramento (RD 1393/2007) e Investigadores en Formación	110	10,27
Estudantes de cursos de Posgraos propios	15	1,40
Persoal Docente e Investigador (PDI) e Persoal de Administración e Servizos (PAS)	8	0,75
Membros da comunidade universitaria da USC discapacitados	27	2,52
Total	1071	100%

2. COTAS E PREZOS

O custo total da estancia durante os meses do curso académico que van de setembro a xuño, ambos os dous inclusive, xa que o mes de xullo será aboado por días, ratearanse por meses, debendo aboar mensualmente as cantidades que deseguido se especifican:

Cotas	Prezos		RPD (*)
	Tipo de Habitación		
Tipos	Individual	Dobre	
A	61 €	45 €	Ata 2.500 €
B	95 €	73 €	Entre 2.500,01 € e 3.800 €
C	122 €	102 €	Entre 3.800,01 € e 5.050 €
D	157 €	137 €	Entre 5.050,01 € e 6.500 €
E	215 €	168 €	Entre 6.500,01 € e 8.999,99 €
			RPD iguais ou superiores que
F	286 €	246 €	9.000 €

(*) RPD: renda persoal dispoñible calculada segundo figura no punto 6. A. b) -Puntuación económica- desta convocatoria.

- O Persoal Docente e Investigador (PDI), o Persoal de Administración e Servizos (PAS), así como o estudiantado de Posgraos propios, só poderán obter as cotas E ou F segundo a súa RPD.

- O importe da cota poderá sufrir modificacións se o estudiantado é beneficiario da axuda de residencia que o Ministerio concede dentro das distintas convocatorias de bolsas e axudas ao estudo para o curso académico 2011-2012.

- O prazo para a reclamación das cotas adxudicadas, que terá que ser motivada, unha vez feita pública a asignación destas, é de 7 días, finalizado o mesmo, non se terán en conta novas

reclamacións ou alegacións. A Comisión de Garantías, de acordo co artigo 14 do Regulamento do SUR, será a encargada de resolvelas. Contra a súa decisión non caberá reclamación.

- O modelo de solicitude atópase dispoñible nos centros do SUR, no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado e na web www.usc.es/sur.

3. INCOMPATIBILIDADES

Segundo as distintas convocatorias de bolsas e axudas ao estudo do Ministerio que ten a competencia nesas materias, a obtención de calquera delas por parte do estudantado é incompatible con calquera outra que para a mesma finalidade poidan recibir doutras entidades ou persoas publicas ou privadas, polo que os beneficiarios da axuda de residencias do Ministerio deberán optar entre esta ou as cotas anteriormente establecidas.

4. QUEN PODE OPTAR A UNHA PRAZA NO SUR?

A. O Estudantado de readmisión e de nova admisión de grao, de 1º, 2º Ciclo, de másteres universitarios oficiais, de programas de doutoramento (RD 1393/2007), de cursos de posgrao propios, e investigadores en formación.

1. Residentes e colexiais de readmisión: son de readmisión os/as residentes e colexiais que xa ocuparon praza no SUR durante o curso 2010-2011 e cumpran os requisitos establecidos nesta convocatoria.

Estes/as residentes e colexiais teñen preferencia na adxudicación das prazas, sobre os/as solicitantes de nova admisión.

Tamén se consideran de readmisión:

- Os/as que inicien estudos de másteres universitarios oficiais, de programas de doutoramento (RD 1393/2007), ou sexan nomeados/as investigadores/as en formación e foran residentes ou colexiais durante o curso 2010-2011.
- Os/as que participaron durante o curso 2010-2011 nalgún dos programas de mobilidade nacional ou intercambio internacional, e que foron residentes ou colexiais no curso 2009-2010.
- Os/as que por algún motivo xustificando abandonaron a residencia/colexio ao longo do curso 2010-2011 e tiveron dereito á devolución da fianza.
- O estudantado de cursos de posgrao propios, residentes no SUR durante o curso 2010-2011 por este sector, mentres dure o curso para o que foron admitidos.

2. Estudantes de nova admisión: son de nova admisión:

- a)** O estudantado de grao, de primeiro, segundo ciclo, de másteres universitarios oficiais, de programas de doutoramento (RD 1393/2007), e de cursos de posgrao propios, que se matriculen nun centro da USC durante o curso 2011-2012.
- b)** Os/as investigadores/as en formación, coas categorías recollidas no artigo 34 dos Estatutos da Universidade.

B. O Persoal Docente e Investigador (PDI) e o Persoal de Administración e Servizos (PAS)

1. Os/as que teñan unha relación laboral ou administrativa coa Universidade e xustifiquen a necesidade de permanecer temporalmente nun centro do SUR.

2. O persoal investigador en xeral, nos períodos en que poidan acreditar a súa pertenza a proxectos de investigación realizados en institutos e departamentos da USC, con dedicación a tempo completo.

5. EXCLUSIÓNS

Ademais dos/das que non cumpran os requisitos esixidos en cada caso nesta convocatoria, non poderán ser admitidos/as os/as residentes/colexiais que:

1. Nalgunha convocatoria anterior se lles comprobaran discrepancias entre os datos declarados e os reais.
2. Os que non aboaran a matrícula no curso 2010-2011.
3. Aqueloutros/as que permitiron habitualmente o uso parcial ou total da habitación a outras persoas na convocatoria de verán ou na convocatoria xeral (curso 2010-2011). Para estes efectos, a dirección do colexio ou residencia iniciará un expediente para acreditar esta circunstancia na que, en todo caso, se dará audiencia á persoa ou persoas afectadas. A resolución será ditada polo director ou directora do centro e contra ela poderá interpoñerse recurso de alzada perante o reitor. En todo caso, e para que teña eficacia a resolución da dirección, deberá ser adoptada con anterioridade ao remate do prazo establecido para a presentación de solicitude de praza para os/as alumnos/as de readmisión. A interposición de recurso non interromperá a súa executividade, de conformidade co artigo 111 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.
4. Os/as que cometeron outras faltas graves e foron sancionados/as coa expulsión definitiva durante a súa estancia no SUR.
5. Os/as que o día 7 de xullo de 2011 manteñan cantidades pendentes de pagamento en concepto de dereitos de aloxamento, ou sexan reincidentes por dous meses consecutivos sen causa xustificada no atraso do pagamento das cotas.
6. O estudiantado, os/as investigadores/as en formación e o PDI e PAS perderán o dereito á praza obtida, no momento en que perdan a vinculación coa USC.

6. BAREMOS PARA A AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A. Estudantes de grao e de 1º e 2º Ciclo

A puntuación total para a avaliación será a suma da puntuación académica e económica que se obteña, segundo os criterios que deseguido se especifican:

a) Puntuación académica:

1. Estudantes procedentes do bacharelato ou de módulos de FP: A súa puntuación académica virá dada pola nota final da fase xeral das PAAU da convocatoria de xuño ou do expediente do ciclo superior de formación profesional, de acordo co seguinte baremo:

Sobresaliente (10)	4
Sobresaliente (9,0 - 9,9)	3
Notable (7,0 - 8,9)	2
Aprobado (5,0 - 6,9)	1
Suspenso (0 - 4,9)	0

2. Estudantes Universitarios: Terase en conta a nota media simple de todo o expediente académico, é dicir, a nota media obtida considerando exclusivamente as convocatorias efectivamente consumidas e cualificadas con “suspenso, aprobado, notable, sobresaliente, matrícula de honra” ou os seus equivalentes numéricos, segundo o establecido na Resolución Reitoral do 19 de abril de 2005, pola que se aplica na USC o Protocolo de Colaboración asinado entre a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de

Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo (DOG do 23 de marzo de 2005), para a valoración de expedientes académicos, e de acordo co seguinte baremo:

Matrícula de Honra	4
Sobresaliente (9,0 – 10)	3
Notable (7,0 - 8,9)	2
Aprobado (5,0 – 6,9)	1
Suspense (0 – 4,9), renuncia ou non presentado	0

2. 1. Estudantes de readmisión: Terán que ter superado, nas convocatorias de febreiro e xuño do curso 2010-2011, un mínimo de 30 créditos ou, naqueles casos en que estiveran matriculados en menos de 60 créditos, a metade destes.

2. 2. Estudantes de nova admisión que proveñan de estudos universitarios: O baremo indicado aplicaráselles sempre e cando teñan superado, entre as convocatorias de febreiro e xuño do curso 2010-2011, o 50 por cen dos créditos totais nos que estivo matriculado. Se non cursaron estudos durante ese curso académico, este requisito esixirase respecto do último curso realizado.

Os créditos adaptados e convalidados non se terán en conta para os efectos do cumprimento destes requisitos académicos.

Ata o día 19 de xullo de 2011 e ante o incumprimento dos requisitos académicos, o estudantado poderá presentar as alegacións que estimen oportunas, sempre debidamente acreditadas (causas de saúde, xustificadas co historial médico expedido polo médico de cabeceira ou do especialista asignado polo servizo público de saúde; motivos familiares, resolucións xudiciais, etc.). **As alegacións presentadas fóra deste prazo non serán tidas en conta.**

A Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua convocará á Comisión de Garantías que, de acordo co disposto no artigo 14 do Regulamento do SUR, será a encargada de ter en conta e valorar os supostos excepcionais presentados. Asemade, para valorar temas de saúde, poderá contar co asesoramento dun/dunha profesional da medicina con acreditada experiencia. Contra a súa decisión non caberá reclamación.

b) Puntuación Económica:

Virá dada pola **renda familiar (RF)** do/da solicitante, determinada de acordo coas resolucións correspondentes do Ministerio que ten a competencia en materia de bolsas, polas que se convocan as bolsas para os alumnos que inicien estudos universitarios.

1. Para a admisión:

Teranse en conta as rendas do exercicio do ano 2009 que se calcularán de acordo co punto terceiro do artigo 11 da Orde EDU/1781/2010, de 29 de xuño, pola que se convocan bolsas de carácter xeral e de mobilidade para o curso académico 2010-2011, para estudantes de ensinanza universitaria (BOE do día 3 de xullo): “Sumarase a base imponible xeral coa base imponible de aforro, excluíndose os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes a exercicios anteriores a 2009. Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación”). O resultado final dividirase polo número de membros **computables** da unidade familiar. É dicir, a **renda persoal dispoñible (RPD)** = RF/nº membros computables; sendo a RF:

- Rendas con declaración: cuadrículas: 450+452-454+457+460-741, da declaración do IRPF do **exercicio do ano 2009.**

- Rendas sen declaración: ingresos brutos de todo tipo (salarios, rendementos do capital mobiliario, etc.), menos gastos deducibles e retencións do ano 2009.

2. Para o cálculo das cotas

No mes de outubro procederase a adxudicar as cota que teñen que aboar os/as residentes/colexiais. Para iso:

Teranse en conta as rendas do exercicio do ano 2010 que se calcularán de acordo co que estableza a Resolución/Orden da Secretaría de Estado de Educación e Formación Profesional/Ministerio, pola que se convoquen as bolsas de carácter xeral e de mobilidade para o curso académico 2011-2012.

- Rendas con declaración: cuadrículas: 450+452-454+457+460-741, da declaración do IRPF do **exercicio do ano 2010**.

- Rendas sen declaración: ingresos brutos de todo tipo (salarios, rendementos do capital mobiliario, etc.), menos gastos deducibles e retencións do ano 2010.

De acordo coa Renda Persoal Dispoñible asignarase ás solicitudes presentadas, a puntuación económica seguinte:

Con RPD ata		2.500 €	4 puntos
Entre	2.500,01 € e	3.800 €	3 puntos
Entre	3.800,01 € e	5.050 €	2 puntos
Entre	5.050,01 € e	6.500 €	1,5 puntos
Entre	6.500,01 € e	8.999 €	1 puntos
Con RPD por encima de		9.000 €	0 puntos

En caso de empate na puntuación global de dous ou máis solicitantes, a orde de prelación virá dada polas rendas familiares dispoñibles ordenadas de menor a maior, prescindido da puntuación académica.

MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR:

Para os efectos do cálculo da renda familiar son membros computables da unidade familiar os pais e, de ser o caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, quen terán a consideración de sustentadores principais da familia. Tamén serán membros computables o/a solicitante, os/as irmáns/irmás solteiros/as menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2010, ou os/as de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, así como os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.

No caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co/coa solicitante do aloxamento. Non obstante, de ser o caso, terá a consideración de membro computable e sustentador principal, o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación cuxas rendas se incluírán dentro do cómputo da renda familiar.

No suposto de que o/a solicitante sexa maior de idade e se atope en situación de acollemento, terá a consideración de non integrado na unidade familiar a estes efectos.

Se o/a solicitante alega a súa independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar documentalmente esta circunstancia, os medios económicos cos que conta e a titularidade ou o aluguer do seu domicilio. Para determinar os medios económicos utilizarase como referencia o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), que anualmente aproba o Goberno. De non xustificalo suficientemente aplicaráselle os prezos estipulados para a cota F.

B. Estudantes de másteres universitarios oficiais, de programas de doutoramento (RD 1393/2007) e investigadores en formación

A **puntuación académica** para os/as que inicien estudos de másteres universitarios oficiais e de programas de doutoramento (RD 1393/2007), virá dada pola nota media obtida nos estudos de 1º e 2º ciclo. Aqueles/as que foron residentes no curso anterior por estes sectores terán dereito á readmisión sempre que cumbran os requisitos establecidos nesta convocatoria para tal condición e teñan aprobado o 50 por 100 dos créditos nos que estiveron matriculados.

Os/as investigadores/as en formación de nova admisión deberán estar matriculados na etapa de tese cunha dedicación igual ou superior a media xornada ou ser bolseiros/as de investigación de convocatoria pública. O criterio para a adxudicación das prazas nestes casos será a orde de presentación de solicitude. Os/as investigadores/as en formación que xa foron residentes terán dereito á readmisión sempre que cumbran os requisitos establecidos nesta convocatoria.

En todos os casos a **puntuación económica** será a que lles corresponda de acordo co estipulado no apartado anterior.

C. Estudantes de cursos de Posgraos propios

A **puntuación académica** para os/as que inicien estudos de posgraos propios virá dada pola nota media obtida nos estudos de 1º e 2º ciclo.

Puntuación económica: só poderán obter as cotas E ou F segundo a súa RPD calculada de acordo co recollido no punto 6, A, b) desta convocatoria

Os alumnos estranxeiros deste sector que queiran que se estableza puntuación económica para **poder optar á asignación da Cota E, teñen que entregar, xunto coa solicitude, a documentación necesaria para acreditar as súas circunstancias económica** (ingresos de calquera tipo dos membros computables da unidade familiar, retencións, deducións, bolsas, etc.), senón a presentan, aboarán o prezo correspondente á cota F e entregarán firmada, tamén no momento da solicitude, unha declaración xurada comprometéndose a aboar a devandita cota. **En calquera caso a moeda do país de orixe deberá vir convertida a euros.**

7. AUTORIZACIÓN PARA OBTEN DATOS DA AXENCIA TRIBUTARIA

A presentación da solicitude de aloxamento implicará a autorización á Universidade para obter a través das correspondentes administracións tributarias, os datos necesarios para determinar a renda familiar dos membros computables da familia do/da solicitante, así como aquelas outras informacións acreditativas das situacións persoais alegadas e que estean en poder dalgunha Administración Pública, a efectos de obter praza no Servizo Universitario de Residencias. Para iso é imprescindible que as solicitudes sexan asinadas por todos os membros computables da familia.

No caso de que a solicitude de praza de aloxamento sexa formulada por persoas que formen parte de unidades familiares nas que as Administracións Tributarias non dispoñan de datos, será o/a propio/a solicitante quen deba aportar información fidedigna sobre a situación económica de renda da súa unidade familiar.

Do mesmo modo, si existisen dificultades técnicas que impidan ou dificulten a cesión dos datos por parte das Administracións Tributarias, requirirase ao/á solicitante de praza de aloxamento a presentación do certificado resumo da declaración anual do imposto sobre a renda das persoas físicas ou o certificado de imputacións, de ser o caso, dos membros computables da súa familia.

8. SOLICITUDES, LUGAR DE PRESENTACIÓN E PRAZOS

A. Impresos de solicitude:

Os impresos de solicitude de praza poderán recollerse en calquera dos colexios maiores ou residencias universitarias que compoñen o SUR, no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado (Pavillón Estudantil, 1ª planta - Campus Vida. Santiago de Compostela), na Vicexerencia do Campus de Lugo (Ed. Biblioteca Intercentros, Campus Universitario 27002. Lugo), e na páxina: <http://www.usc.es/sur/>

B. Lugares de presentación:

Xunto coa documentación requirida no punto 9, todas as persoas poderán entregar a solicitude no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado (Pavillón Estudantil - Campus Vida), na Vicexerencia do Campus de Lugo (Ed. Biblioteca Intercentros, Campus Universitario 27002. Lugo) ou por calquera dos procedementos recollidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Tamén poderán presentala:

- Os/as que foron residentes no curso 2010-2011, no último centro no que obtiveron praza. Nese momento, se lles interesa, deberán solicitar o cambio de centro.
- Os/as que soliciten praza por primeira vez, en calquera colexio ou residencia do SUR. Deberán marcar, por orde de preferencia, a totalidade dos centros. Será causa de exclusión non cumprir esta esixencia.

C. Prazo de presentación:

O prazo de presentación abrangue:

Para os **solicitantes de readmisión**: dende o día **16 de maio ao 15 de xuño de 2011** ambos os dous incluídos.

Para os **solicitantes de nova admisión**: dende o día **1 ao 30 de xuño de 2011** ambos os dous inclusive.

Presentarase unha única solicitude por persoa e campus.

9. DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACOMPAÑAR ÁS SOLICITUDES

A. SOLICITANTES DE READMISIÓN

Os/as residentes/colexiais de readmisión aos que non lles varíe a súa situación familiar respecto ao curso 2010-2011, non presentarán ningunha documentación agás que o consideren necesario. Os/as solicitantes que non tivesen domiciliado o pagamento das súas cotas no curso 2010-2011 deberán cubrir no impreso de solicitude os datos bancarios necesarios para a domiciliación das cotas.

Os documentos expedidos nunha lingua distinta do galego ou castelán deberán acompañarse coa correspondente tradución.

B. SOLICITANTES DE NOVA ADMISIÓN

Todas as solicitudes deben vir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Copia do DNI do/da solicitante e de todos os membros computables da familia maiores de 14 anos
- b) Copia da folia do libro de familia dos/das menores de 14 anos
- c) O estudantado que se incorpora á USC por primeira vez procedente do Bacharelato deberá presentar copia da cualificación das PAAU, e se procede doutras universidades ou dos módulos de FP, copia dunha certificación académica coas cualificacións detalladas por curso.
- d) Certificado de convivencia do Concello no que figuren todos os membros que vivan no domicilio familiar, incluído o solicitante.
- e) Certificado de minusvalía cualificada, cuxo grao debe ser igual ou superior a 33 por 100, dos/das irmáns/irmás maiores de 25 anos.
- f) Xustificación de viuvez, solteiría, separación ou divorcio do pai ou da nai do/da solicitante.
- g) Xustificante de orfandade absoluta do/da solicitante.

C. DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA ESPECÍFICA

A Universidade, de acordo co punto 7 da convocatoria, solicitará ás Administracións Tributarias os datos necesarios para determinar a renda familiar dos membros computables da familia do/da solicitante, polo que non haberá que aportar documentación económica agás nas situacións e casos que deseguido se enumeran:

- a) Se a solicitude de praza de aloxamento é formulada por persoas que formen parte de unidades familiares nas que as Administracións Tributarias non dispoñan de datos, será o/a propio/a solicitante quen deba aportar información fidedigna sobre a situación económica de renda da súa unidade familiar: Fotocopia do certificado anual de calquera tipo de ingresos percibidos no ano 2009 para a admisión e no ano 2010 para o cálculo das cotas (traballo, pensións, desemprego, rendementos do capital mobiliario, etc.) onde figuren as retencións do IRPF e as cotizacións á Seguridade Social dos membros computables que non fan a declaración da renda; certificado de vida laboral dos membros computables que non fan a declaración da renda, etc.
- b) Do mesmo modo, si existisen dificultades técnicas que impidan ou dificulten a cesión dos datos por parte das Administracións Tributarias, requirirase ao/á solicitante de praza de aloxamento a presentación do **certificado resumo da declaración anual do imposto sobre a renda das persoas físicas ou o certificado de imputacións**, de ser o caso, dos membros computables da súa familia.
- c) Nos casos no que o/a solicitante alegue a súa independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar de forma fidedigna esta circunstancia, os medios económicos cos que conta e a titularidade ou aluguer do seu domicilio.
- d) **Os estudantes estranxeiros**, que queiran que se lles teña en conta a puntuación económica **para optar á asignación das cotas establecidas no punto 2**, teñen que entregar, xunto coa solicitude, a documentación necesaria para acreditar a súa circunstancia económica (ingresos de calquera tipo dos membros computables da unidade familiar, retencións, deducións, bolsas, etc.), referida ao exercicio do ano 2010, senón a presentan aboarán o prezo correspondente á cota F e entregarán firmada, tamén no momento da solicitude, unha declaración xurada comprometéndose a aboar a devandita cota. **En calquera caso a moeda do país de orixe deberá vir convertida a euros.**
- e) O estudantado que teña veciñanza administrativa no **País Vasco** a 1 de xaneiro de 2010 deberá presentar os datos económicos correspondentes referidos ao ano 2010.

- f) Todos os/as residentes/colexiais que non queiran que se teña en conta a súa Renda Persoal Dispoñible para o reparto das cotas, deben presentar unha declaración xurada comprometéndose a aboar durante o curso académico 2011-2012 a cota máxima (F), das recollidas no punto 2 desta convocatoria.

A ocultación ou falseamento dos datos declarados conlevará a perda da praza de aloxamento.

D. MEMBROS DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA DISCAPACITADOS

1. Certificación oficial na que se acredite o seu grao de discapacidade.
2. Aquelas persoas que precisen por mor da súa discapacidade adaptacións especiais deberán indicalas de xeito pormenorizado. A universidade poderá solicitar informe externo ao equipo de valoración e orientación (EVO) sobre ditas necesidades adaptativas. Considerarase falseamento de datos non indicar as necesidades adaptativas imprescindibles para a súa vida cotiá no aloxamento universitario.

E. OUTRA DOCUMENTACIÓN

Todos/as os/as solicitantes poden presentar calquera outra documentación que consideren oportuna para que, de ser o caso, poida terse en conta na adxudicación das prazas.

10. ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS

Todas as listas e relacións ás que se refire este punto serán publicadas nos taboleiros de anuncios dos centros do SUR, no do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, no da Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua (Casa Jimena e Elisa Fernández de la Vega), no da Vicerreitoría de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo, e na páxina web <http://www.usc.es/sur/>.

A. Listas provisorias

Unha vez procesadas as solicitudes, o **22 de xullo** publicaranse as **listas provisorias de solicitantes que teñen presentada completa a documentación requirida**, nas que figurará a súa puntuación e a orde de preferencia dos centros que marcasen na súa solicitude, e **as listas de excluídos**, xunto coa causa que motiva a súa exclusión.

Os/as interesados/as dispoñen de prazo ata as 14 horas do día **1 de agosto para entregar no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado (Pavillón Estudantil – Campus Vida)** e na **Vicexerencia do Campus de Lugo** (Edificio Biblioteca Intercentros, Campus Universitario), a documentación requirida ou que estimen oportuna para completar as solicitudes.

B. Listas definitivas

O día **9 de agosto** publicaranse as **listas definitivas de admitidos/as en cada centro, a lista de agarda e a relación de excluídos/as**.

A admisión e asignación de centro farase por rigorosa orde de puntuación tendo en conta as preferencias indicadas nas solicitudes.

As persoas que están na lista de agarda e desexen seguir optando a unha praza no SUR teñen que confirmalo antes das 14 horas do día 18 de agosto, para o que cubrirán o impreso dispoñible a tal efecto, nos Centros do SUR, no Servizo e na páxina web <http://www.usc.es/sur/>

11. PAGAMENTO DA FIANZA PARA CONFIRMAR A RESERVA DA PRAZA

A partir do día **9 de agosto** as persoas admitidas deberán entregar, ata as 14 horas do día **18 de agosto**, no **Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado**, Pavillón Estudantil, 1ª planta, Campus Vida, Santiago de Compostela ou por calquera dos procedementos recollidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, **o xustificante de ter feito o ingreso de 150 euros en concepto de fianza** na conta da USC nº 2091 0388 98 3110001172 de novacaixagalicia, Oficina de Organismos, rúa Montero Ríos, 7, 15706-Santiago de Compostela.

O devandito xustificante de ingreso poderá tamén ser enviado por correo electrónico ou por fax ao **número 881814559**, responsabilizándose a persoa que o envía de que sexa lexible no punto de destino, se non fora lexible quedará excluída.

O pago poderá facerse en novacaixagalicia mediante os impresos normalizados dispoñibles no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado ou mediante transferencia bancaria en cuxo xustificante deberá figurar o nome do estudante e o Centro onde foi admitido.

Só a entrega deste xustificante servirá como confirmación da aceptación da praza por parte do/da solicitante, é polo tanto insuficiente o ingreso na entidade bancaria. No caso de non cumprir este trámite entenderase que renuncia á praza concedida, **non admitíndose ningún xustificante de pago nin reclamación fóra do prazo establecido.**

12. CAMBIO DE CENTRO

- Os/as residentes/colexiais de readmisión que no curso 2008-2009 tivesen praza no Colexio Maior Rodríguez Cadarso terán dereito preferente na adxudicación de prazas deste centro, debendo facelo constar na súa solicitude.
- Os/as que foron residentes/colexias no curso 2010-2011, se lles interesa cambiar de centro, deberán solicitalo no momento de facer a solicitude.
- O alumnado de nova admisión interesado en pedir cambio de centro terán que solicitalo no momento da entrega do xustificante de ter feito o ingreso da fianza. Para isto cubrirán o impreso que para tal efecto se lle entregará no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado.

13. MOVEMENTO DA LISTA DE AGARDA E CAMBIOS DE CENTRO

O día **29 de agosto**, unha vez rematado o prazo para que as persoas que están na lista de agarda confirmaran o seu desexo de seguir optando a unha praza no SUR, **procederase a facer o movemento da lista de agarda** e, de ser o caso, **os cambios de centro solicitados.**

As persoas admitidas terán de prazo ata o día **2 de setembro** para facer efectivo o pago da fianza, seguindo a tramitación recollida no punto 11.

De ser necesario facer novos movementos da lista de agarda estes serán realizados hasta completar a adxudicación do número de prazas convocadas.

14. PAGO DO ALOXAMENTO

1. O aboamento do aloxamento deberá facerse a través de domiciliación bancaria ao número de conta que o interesado teña consignado na súa solicitude. A conta deberá estar aberta a nome do solicitante.

2. O primeiro recibo será emitido unha vez asignadas as cotas correspondentes. Os restantes recibos correspondentes ás cotas de aloxamento adxudicadas serán emitidos dentro dos 6 primeiros días de cada mes. Os/as residentes/colexiais garantirán que a conta bancaria facilitada para a domiciliación teña os fondos suficientes para o pago da mensuralidade correspondente. Os recibos que sexan devoltos serán emitidos de novo, sendo por conta dos/as residentes/colexiais os gastos ocasionados pola emisión do novo recibo. A devolución dos recibos de domiciliación terá como consecuencia, ademais do establecido no art. 9 do regulamento do SUR, a posibilidade de suspensión da prestación dos servizos.

3. A Comisión de Garantías, en supostos excepcionais e por causas debidamente acreditadas, cuxos documentos se deberán acompañar á solicitude, poderá establecer un sistema de pagamento distinto da domiciliación bancaria, de acordo co artigo 14 do Regulamento do SUR. Contra a súa decisión non caberá reclamación.

15. DURACIÓN DA ESTADÍA

Os residentes/colexiais deberán ocupar a súa praza e deberán aboar o importe correspondente ao aloxamento durante todo o curso académico 2011-2012. Deberán ocupar a súa praza co comenzo da actividade académica e deberán abandonar a residencia a máis tardar o día 30 de xuño de 2012.

Os centros do SUR pecharán nos períodos en que non existan actividades docentes ou exames. A Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua resolverá o aloxamento dos/das residentes/colexiais que, previa xustificación, necesiten permanecer nel.

16. DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

Os/as residentes e colexiais deberán solicitar a devolución da fianza aínda que volvan a solicitar praza para o curso seguinte, e devolveráselles mediante transferencia bancaria se pagan as mensuralidades por este medio, e excepcionalmente mediante talón nominativo, se non teñen o pago mensual domiciliado, sempre que deixen a habitación nas condicións en que lles foi entregada e non teñan pagos pendentes:

- Ao rematar o período de aloxamento solicitado, sempre que a praza sexa ocupada durante todo o período.
- Se por Imposibilidade sobrevida para ocupar a praza por razóns non imputables ao residente, que deberá xustificar documentalmente, renuncia á praza por escrito.

Non terán dereito á devolución da fianza os/as residentes e colexiais que o día **8 de xullo de 2012** manteñan cantidades pendentes de pagamento en concepto de dereitos de aloxamento, ou sexan reincidentes por dous meses consecutivos sen causa xustificada no atraso do pagamento das cotas.

17. OUTRAS DISPOSICIÓNS

1. A ocupación dunha praza no SUR implica a aceptación das normas que o rexen: as recollidas nesta convocatoria, o regulamento do SUR, o regulamento de réxime interno do centro, e as normas ditadas por cada dirección .

2. En calquera momento poderase solicitar a documentación complementaria que se considere necesaria para acreditar os datos requiridos nesta convocatoria. A ocultación e non presentación destes datos será motivo de perda da praza.

3. Cando as necesidades do servizo o requiran, poderá procederse á agrupación de cuartos dentro do mesmo centro.

4. Como norma xeral, non poderán renovar a praza, no propio colexio maior ou residencia universitaria, os membros do equipo de dirección a partir do momento en que deixen os seus cargos, salvo autorización por parte da Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua, pero poden, se cumpren os requisitos, optar ou renovar a praza noutro centro do SUR.

5. A Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua resolverá as dúbidas que poidan xurdir na aplicación da presente convocatoria a través do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, Pavillón Estudantil - Campus Vida.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, e de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán, previamente, interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, tamén contado desde o día seguinte á súa publicación, perante este órgano.

Santiago de Compostela a 12 de maio de 2011

O VICERREITOR DE ESTUDANTES E FORMACIÓN CONTÍNUA

(P.D., R.R. de 9 de xullo de 2010, DOG do 6 de agosto)



Francisco R. Durán Villa